



XUNTA DE GALICIA- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U
CEIP "ALFREDO BRAÑAS" - Código 15025256

R/ Porta Santa, 19 - Paiosaco - 15145 A Laracha (A Coruña)

Tel.: 881 880 700 - Fax: 881 880 701

e-mail: ceip.alfredo.branas@edu.xunta.es //

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfredobranas/>

PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

En Paiosaco e sendo as 09:20 horas do día 4 de novembro de 2022, reúnense no despacho anexo a dirección do C.E.I.P. Alfredo Brañas destalocalidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- A Directora do Centro, D^a M^a Agripina Alfeirán Rodríguez, que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, dá lectura a todas as persoas presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

• **Presidente:** D^a M^a Agripina Alfeirán Rodríguez, Director/a do Centro.

• **Vocais:**

-D. Ivan Barrós Álvarez.....(Mestre)

- D. M^a Masiel Suárez Loureiro.....(Pai/Nai)

- D^a Pilar Marcote Salgado.....(Persoal de administración e servizos)

Actúa como *Secretario o* mestre, D. Iván Barrós Álvarez

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

• **Día 4 de novembro de 2022**

- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores, pais/nais e, se ser o caso, persoal de administración e servizos.

- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.

- Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.

• **Do 4 ao 13 de novembro**

- Prazo de presentación de candidaturas e reclamacións aos censos

• **Día 14 de novembro ás 14:00** - Celebración da 2^a reunión da Xunta Electoral:

- Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.

- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.

- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.

- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

• **Día 28 de novembro de 2022:** Celebración das votacións de:

- Profesorado de 15,30 a 16,00 horas.

- Pais, nais e titores legais do alumnado: A fin de facilitar a votación aproveitando que moitas fa-



XUNTA DE GALICIA- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U
CEIP "ALFREDO BRAÑAS" - Código 15025256

R/ Porta Santa, 19 - Paiosaco - 15145 A Laracha (A Coruña)

Tel.: 881 880 700 - Fax: 881 880 701

e-mail: ceip.alfredo.branas@edu.xunta.es //

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfredobranas/>

mílias veñen deixar aos fillos a entrada da xornada, constituirase a mesa ás 09:20 e a continuación as votacións ata as 10:30.

• *Día 29 de novembro ás 14:00* - Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral:

- Proclamación de candidatos electos.

- Traslado ao Xefe Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director/a, como Presidente/a da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 09:30 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

Vº E PRACE
A DIRECTORA

O SECRETARIO

Asdo: Mª Agripina Alfeirán Rodríguez



Asdo.: Iván Barrós Álvarez

OS VOCAIS,

Asdo.: Mª Masiel Suárez Loureiro

Asdo.: Pilar Marcote Salgado (sector PAS)

(sector país/nais)